

Xacemento Lama das Casas

010171

Datos de Localización

Cruz de termo

Nomenclator:	3200501
Coord. UTM:	X: 600009 Y: 4638465
Concello:	Baltar
Parroquia:	ABADES
Lugar:	Sabucedo dos Peros
Tipoloxía:	Representacións Rupestres
Tipo:	Cruces de termo
Subtipo:	Cruz de termo
Denominación:	Xacemento Lama das Casas
Etapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Partindo do núcleo de Sabucedo coller un camiño de terra que leva cara a fronteira con Portugal. Partindo da Capela de Santa Bárbara, subir uns 50 metros de fronte atópase unha vivenda de construción recente. Haberá que coller unha pista que vai por detrás de dita casa. Esta pista asfaltouse só no principio, aproximadamente nuns 50 metros para logo continuar sendo de terra. Tras percorrer uns 500 metros hai unha bifurcación, na que haberá que tomar o ramal da dereita. Continuar por el ao longo de, aproximadamente, 2 kilómetros. A zona xunto coa cruz atópase á dereita á beira deste sendeiro.

Segundo relataron os veciños de Sabucedo, neste lugar existiu un pobo que sufríu unha gran inundación que matou aos seus habitantes. Unicamente sobreviviu unha vella que baixou a vivir ao pobo de Sabucedo, pero os veciños non a quixeron e botárona fóra. Pola contra, en San Paio acollérona quedando a vivir alí. Cando morreu, cedeu os terreos do seu anterior pobo aos habitantes de San Paio. Aínda agora estes monte pertence aos de San Paio.

A cruz gravada nunha rocha delimita as posesións dos pobos de San Paio e Sabucedo. Non se aprecian vestixios de ningún tipo de estrutura pertencente a un núcleo poboacional anterior. Saliante que a densa vexetación dificulta a visión e localización de posibles restos. A rocha coa cruz atopábase totalmente cuberta pola abondosa maleza.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32005-REF001.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

mat. cuberta.

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Carballeiras e monte baixo

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: A rocha atópase cuberta pola vexetación, dificultando a súa visión. Necesitouse a axuda dun veciño para a súa localización.

Bens Mobles







